

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO 2018/19

Orde do 9 de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para material escolar, destinadas ao alumnado matriculados en Educación Secundaria Obrigatoria.

REQUISITOS: (Fondo Solidario e Material Escolar)

- Estar matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO
- Para axudas a adquisición de **Material Escolar**, ter unha renda per cápita non superior a 5.400 €
- Para axudas de Fondo Solidario, ter unha renda per cápita non superior a 9.000 €
- Ter devolto os libros de texto adquirido coas axudas do curso 2017/18

Lugar de presentación das solicitudes:

- Presencialmente no centro en que estea matriculado o alumno
- Por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. <https://sede.xunta.gal>.
- Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

Prazo de presentación:

- Desde o **22/05/2018 ao 22/06/2018**, ambos inclusive.

DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- No caso de discapacidade do alumno ou de algún dos membros da unidade familiar deberá acreditarlo mediante:(non será necesario se foi emitido pola Xunta de Galicia.
 - Certificado de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% reconocida a 31 de decembro de 2016.
 - Resolución de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
 - Acreditación da condición de pensionista por incapacidade permanente.
 - O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% só terá que presentar a certificación, xunto coa solicitude

Cálculo da renda per cápita: (Terase en conta a situación persoal e familiar e o exercicio fiscal correspondentes ao 2016)

- Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables
- Para os efectos do cálculo das renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que demostren a percepción dunha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
- Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a **renda de 2016, para calcular a renda familiar sumarán os recadros da declaración da renda 392** (base imponible xeral) e a **405** (base imponible do aforro), cando non a presentase, sumaranse os ingresos netos obtidos no ano 2016.

Determinación da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente.
- Os fillos menores de idade non emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente.
- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio ou convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, nai e todos os descendentes que convivan con eles.

- Nos casos que non exista libro de familia ou non reflíctea a situación a 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros con : Certificado de convivencia, sentenza xudicial de separación ou divorcio, informe dos servizos sociais.
- Os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos.

CONTIA DAS AXUDAS:

Educación Secundaria Obrigatoria (**Fondo Solidario**)

- Renda per cápita igual ou inferior a 5400 Euros : **6 libros**
- Renda per cápita superior a 5400 Euros e igual ou inferior a 9000Euros: **4 libros**
- **Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.**

Adquisición material escolar

- Renda per cápita igual ou inferior a 5.400€ : **50€**

¡IMPORTANTE!

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** recibidos do **fondo solidario 2018/19 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro constituído no centro (banco de libros).**
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
- Devolver os libros de texto adquirido do fondo solidario 2017/18

Os impresos de solicitude Anexo I están dispoñibles:

- Secretaría do centro
- No portal educativo, <http://www.edu.xunta.es>